

Num. 290



Xaneiro 2012

Periódico labrego de información técnica e sindical
Número de rexistro: 980635



sindicato
labrego galego
comisións labregas



Terra, auga, servizos públicos e unha PAC xusta: loitas clave no 2012



O ano 2011 deixou sentadas as bases das principais loitas que, dende o Sindicato Labrego Galego, deberemos afrontar en 2012 se queremos manter viva a esperanza de podermos vivir nun mundo rural vivo, con explotacións labregas producindo alimentos para o pobo de Galiza. En efecto, o ano pasado xestáronse agresións contra o medio rural e contra toda a cidadanía que pretenden privarnos de bens e dereitos dos que até o de agora gozabamos: a Lei de Augas, a Lei de Mobilidade de Terras e a proposta

de Lei de Montes, o proxecto de reforma da Política Agraria Común (PAC), ou o afondamento en drásticas políticas de recortes de servizos sociais de todo tipo (sanidade, ensino, pensións, etc.), supoñen un dos maiores desafíos que vivimos os galegos e as galegas. Por iso, hoxe máis que nunca, é necesario xuntar esforzos para estarmos en todas estas fronteiras e contribuír a forxar as alianzas necesarias para deter este ataque sen precedentes dos poderes financeiros coa connivencia dos gobernos títeres do Capital.



Edita: Edicións Fouce
Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García Rodríguez

Consello Editorial:

Carme Freire, Manuel
Docampo, Isabel Vilalba e
Xabier Gómez Santiso.

Colaboracións: Manuel
Docampo Paradelo, Carme Freire
Cruces, Xosé Manuel Calvo Rei,
Mónica Amado Branco e Salvador
Martínez Valladares.

Deseño e maquetación:

Xosé García Rodríguez

Sede da redacción:

Ofelia Nieto nº 13-23

Santiago de Compostela

Tlf: 981 580449

Fax: 981 572570

www.sindicatolabrego.com

Depósito Legal: C-749/88

2 / Sumario

nº 290
Xaneiro de 2012

Editorial

- A especulación coa terra: secuestro legal de todo un pobo.....3



Galiza

- Apoio ás protestas de SOS Sanidade Pública diante do Parlamento Galego.....4
- A Xunta rompe ás súas promesas e cobra o canon da auga no rural.....5
- O SLG condena a construción dunha incineradora de refugallos no Irixo.....6
- O requerimento do modelo 347 por Facenda atrasa o cobro de varias axudas.....7



LOCAIS

NACIONAL - R/ Ofelia Nieto 13-23, 15705, Meixonfrío. Santiago de Compostela. Tlfno. 981 554 147
COMPOSTELA - R/ Ofelia Nieto 13-23, 15705, Meixonfrío. Santiago de Compostela. Tlfno. 981 588 532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA -R/ Padre Pardo nº24, 1º D Tlfno. 981 508 177
SANTA COMBA - R/ Lugo nº 19, entrechán 1º esquerda. Tlf. 981 880 909
ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680. Tlf. 981 682908
BETANZOS - Praza da Constitución nº 4, 1º. Tlf: 981 773377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º esq / Tlfno. 981 789 781
SAN SADURNIÑO - Lugar de Outeiro s/n 981 490430
O BARCO - Casa sindical Tlf. 988 321511 / Fax: 988326723
VERÍN - Travesía de Sousas nº 20, Galerías Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11. Tlf. 988 477230 Fax. 988477230
XINZO - Casa Sindical Tlf. 988 462547
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent. Tlf. 982 231154
SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108, entrechán B. Tlf: 982 876155 / 659735862
CHANTADA - Praza do Concello, baixos AISSTI/Fax: 982 462103
A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tlf. 982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE. Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Avda. Fernández Del Riego, 5 - 1º C. Tlf. 982 12+6
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A. Tlf.982 512431
MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331 714
A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º Tlf/Fax 986 573232
LALÍN - R/Arenal nº1, entrechán 3. Tlf. 986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32 Centro comercial O Parque, oficina 12 986 580526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal 1ª, 1ºC. 986 641508 Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf. Rosales. Tlf. 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes, Ribadumia. Tlf. 986 718 526

Aldea Global

- O SLG pídelle a Arias Cañete reformas valentes para dignificar as rendas labregas.....8
- Acordan na Unión Europea un paquete lácteo que traerá máis crise ao sector.....12



Especial: A Xunta legaliza a usurpación das terras agrarias por parte da industria enerxética

- A Lei de Mobilidade de Terras.....10
- A Lei de Montes.....11/12

Sectores Gandeiros

- A Xustiza obriga a Lácteos Tambre a pagar as débedas coas explotacións so pena de ser embargada.....13
- O SLG pide sistemas coma os franceses para poder negociar prezos dignos para o leite.....14
- Medio Rural reincide nunhas axudas inútiles para paliar e prever os danos provocados polo lobo.....14



Mulleres



- A Secretaría das Mulleres do SLG pide incentivos para apoiar a cotitularidade nas explotacións.....15
- Accións conxuntas para o 8 de marzo.....15

Eira

- Guía para tramitar as baixas por accidente.....16/17
- Novidades na lexislación sobre cooperativas.....17
- Aviso para entregar o modelo 347 a Facenda.....17
- Publicación de varias axudas: lobo, fiestras, maquinaria, climatización, enerxías renovábeis, etc.....17



O Fouce está cofinanciado pola:

A especulación coa terra: secuestro legal de todo un pobo

A legalidade e a xustiza non sempre van da man. Cada día, en cada determinación política que coñecemos, assistimos, na sociedade en xeral, a unha maior desconfianza, moi perigosa pero lóxica, con respecto ao noso sistema “democrático” e de a quen serven e para quen lexislan os gobernos que escollemos.

Os últimos gobernos que escollemos por maioría absoluta, tanto a nivel galego como do Estado, deben pensar que lles demos o poder tamén absoluto para lexislar e para aprobar leis inxustas para a maior parte da cidadanía.

Non se explica, senón, que o Goberno Galego elabore unha serie de leis e decretos -como a de Mobilidade de Terras, a de Montes, ou a das Sociedades de Fomento Forestal (Sofor)-, ou que incumpra leis vixentes, como acontece cos centos de casos de forestacións ilegais de terras agrarias denunciados diante da Administración e ante os que esta non actúa.

A terra é un recurso produtivo, por moito que se empeñaran historicamente en facernos crer que é desprezable; por moito que á xente labrega que traballamos esa terra se nos tenta desprezar, do mesmo xeito, polo noso traballo.

Fronte a ese desprezo, nós sentimos orgullo de producir alimentos e, como pobo, temos a necesidade de ter alimentos. Mais iso bate con intereses privados que queren apoderarse da terra por ver nela un cobizado

recurso co que se poden facer negocios, aínda que non teñan nada que ver coas necesidades da xente.

Ser labrego ou labrega é diferente de ser empresario ou empresaria agrícola. Producir alimentos non é un negocio: é un servizo á cidadanía. Polo tanto, prestar un servizo público e indispensable coa terra, como é producir alimentos, non se pode poñer ao mesmo nivel que facer negocio para obter un lucro privado.

Non converter a alimentación dos pobos nun negocio sería suficiente argumento para que un recurso vital como a terra estivese protexido da especulación. Pero se queremos máis argumentacións, sempre podemos botar man do coidado do entorno, da auga, da paisaxe, da cultura, do equilibrio poboacional, dos recursos xenéticos...

Non é lexítimo que se siga defendendo que cadaquén pode facer o que lle peta nas súas terras porque son súas. O uso que se faga da terra non ten só consecuencias para o dono ou para a dona delas; as consecuencias son para toda a poboación.

Se chegamos ao consenso de que non se pode construír un edificio ou unha casa ou unha nave industrial en calquera lugar porque ese eido ten un valor e esa construción afecta a ese valor, independentemente da súa propiedade; e se facemos e acordamos normas que rexan unha ordenación do solo, dos aproveitamentos dese solo e chegamos a non cuestionar, a

estas alturas, eses consensos: ¿por que coa superficie para a produción de alimentos aínda seguimos a escoitar e a ter que loitar contra leis que poñen esa terra ao servizo dos negocios e non ao servizo da xente?, ¿por que se permite especular cun recurso indispensable para algo tan básico e vital como é comer?

O ataque “lexislativo” ao que nestes momentos assistimos debería facernos pensar como conxunto da sociedade, labrega e non labrega, no que nos estamos xogando para un futuro moi próximo.

Iso que nos xogamos debería facer recuar aos gobernos nestas propostas lexislativas por mor das súas nefastas consecuencias. O feito de que teñan maiorías absolutas non significa que teñan o visto e prace da sociedade para que negocien e especulen co seu sustento.

Mais se os nosos e as nosas gobernantes teiman en seguir ese camiño, entón quédanos a nós, xente común do Sindicato Labrego Galego, e seguro que tamén a moita xente de fóra del, termos a valentía de xerar estes debates na sociedade e facerlle chegar aos gobernos a mensaxe e o consenso da cidadanía sobre algo obvio: non se pode secuestrar o futuro de todo un pobo, por moi legal ou democrático que pareza, porque pensamos que a xustiza aínda ten que estar por diante das leis.

A información máis pormenorizada destas reflexións sobre a legalidade, mirádea nas páxinas centrais deste Fouce.

O SLG pide o cesamento do Valedor pola “caza de bruxas” contra o galego

O 15 de decembro, a secretaria xeral do Sindicato Labrego, Carme Freire, acudía á concentración de Queremos Galego diante da sede do Valedor do Pobo. Deste xeito, o SLG apoiaba a demanda de dimisión de Benigno López como Valedor polo seu amparo legal á censura dun libro de texto de Coñecemento do Medio que reproduce literalmente: “O galego é a lingua propia de Galiza”,

tal e como sinala o artigo 5.1 do Estatuto de autonomía, ao falar dos signos distintivos do país.

No transcurso do acto, unha representación da plataforma cidadá rexistrou sellos escritos ao Valedor do Pobo e aos grupos políticos do Parlamento de Galicia esixindo a dimisión de Benigno López “por non estar a cumprir as funcións propias do seu cargo”.



Carme Freire representou ao SLG nas protestas de Queremos Galego



Colectivos de todas as comarcas galegas secundaron as demandas da plataforma SOS Sanidade Pública fronte ao Parlamento Galego

Apoio ás protestas de SOS Sanidade Pública diante do Parlamento

Coincidindo coa aprobación dos orzamentos da Xunta para o 2012, o mércores 21 de decembro, a Plataforma SOS Sanidade Pública manifestouse xunto ao Parlamento de Galicia en protesta polos recortes que está a sufrir o noso sistema sanitario, especialmente nas comarcas rurais.

O Sindicato Labrego Galego apoiou as reivindicacións coa presenza de varias per-

soas da organización entre as que se atopaba a secretaria de Relacións Exteriores, Lidia Senra.

A concentración contou coa presenza de máis de duascenas persoas, e unha dúcia de faixas en representación das diversas comarcas, que chegaron a cortar o tráfico ás portas do Parlamento e que tamén protestaron no interior da cámara.

Os cursos de cestería do SLG do Ribeiro culminan cunha mostra en Castrelo de Miño

O Sindicato Labrego Galego do Ribeiro desenvolveu, dende finais de outubro até comezos de novembro, sellos cursos de cestería en Castrelo de Miño e en Ribadavia. Ambos cursos duraron vinte horas, foron impartidos polo artista Arturo Gulín, e tiveron un grande éxito de asistencia, cubríndose as quince prazas de cada un e ficando xente en lista de espera.

Os cursos foron un éxito e culminaron co convite do concello de Castrelo de Miño para expoñer os traballos realizados na feira mensual que se celebra neste municipio o último domingo de cada mes.

Amais de amosar as pezas feitas, na feira tamén se fixeron demostracións en vivo das diversas técnicas de elaboración na arte de facer todo tipo de cestas.



Castrelo de Miño e Ribadavia acolleron os cursos de cestería do SLG

Pinga a pinga, Augas de Galicia empezou a cobrar o canon no rural

Primeiros documentos que desenmascaran as verdadeiras intencións do Goberno Galego coa Lei de Aguas

Os documentos comezan a demostrar que a promesa do Goberno Galego de que o canon da auga non se ía cobrar no rural era mentira. Nesta páxina, publicamos un cobro de 450 euros notificado o 30 de agosto a unha aldea na que sete familias custearon, con cartos do seu peto, unha traída veciñal propia. Desta maneira, vese ás claras que o conselleiro de Medio Ambiente, Agustín Hernández, mentiu cando dixo ante o Parlamento que non se cobraría o canon no rural. Paseniño, van saíndo á luz as verdadeiras finalidades para as que foi creada a Lei da Augas.

O tempo acabou dando a razón ao Sindicato Labrego Galego. O acordo para eximir do pago do canon da auga ás vivendas do rural -asinado entre o ente Augas de Galicia e as organizacións Xóvenes Agricultores e Unións Agrarias o 27 de abril de 2011-, resultou ser fume, como demostran os documentos publicados nesta páxina. Ademais, o cobro do canon xa se estaba xestionando non intre de asinar ese convenio.

Tanto naquel intre, como agora, o Sindicato Labrego Galego mantense firme na súa posición de esixir a derogación da Lei de Aguas, porque a súa finalidade é privatizar un ben e un dereito esenciais para a vida.

elCorreoGallego.es

Augas de Galicia, XXAA y UUA sellan la paz: no se cobrará canon a granjas, pozos y traídas en el rural

28.04.2011 Los tres acuerdan la discriminación positiva para el campo en el reglamento de la tasa

ANTÓN RIVEIRA

Santiago. Por si quedaba duda: los propietarios de pozos particulares y traídas, y para quienes usen el líquido elemento en agro y ganadería no pagarán el canon hidráulico previsto en la nueva legislación gallega. Así lo ratificaba ayer el presidente de Augas de Galicia, Francisco Menéndez, tras firmar un acuerdo con los sindicatos Xóvenes Agricultores (XXAA) y Unións Agrarias (UUA).

"Los sindicatos se pusieron en contacto con nosotros preocupados por la posible aplicación en el rural", dijo Menéndez, quien señaló que la entente -excepto con un SLG que no acudió a ellos- "fue sencillo". En el reglamento que desarrolla la tasa que releva al canon de saneamiento no se fijará la obligatoriedad de instalar contador en las captaciones de agua propias y se fijan los mecanismos que permiten no pasar minuta por antieconómico a pozos privados y traídas, ni a los usos agrarios, ganaderos o forestales.

Para aplicar el canon, la Xunta deberá demostrar que hay contaminación especial en una explotación con sanciones firmes por vertidos y que Medio Rural acredite que no cumple las disposiciones del Código de Boas Prácticas Agrarias. Así, un 99 o casi 100% de ellas no tendrán que preocuparse del canon. Toda una satisfacción para Francisco Bello, líder de XXAA, y Jacobo Feijóo, responsable de UUA.

20 minutos.es

Hernández asegura que "en tanto sea conselleiro" no se aplicará el canon del agua a pozos particulares

Sucesivos diputados que intervinieron en el pleno afirmaron que "no había precedentes" en que un dirigente dijese que incumpliría su ley

EUROPA PRESS. 09.02.2011

"En tanto en cuanto yo sea conselleiro, no se aplicará". Así lo ha garantizado el conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, en relación al canon del agua para los pozos particulares; mientras que para las traídas vecinales ha afirmado que en la práctica están "exentas", porque su cobro tendría un coste superior para las arcas públicas de lo que percibirían éstas por su repercusión.



Durante su intervención, el conselleiro de Medio Ambiente explicó que los usuarios que tengan captaciones propias, como pozos o manantiales, "no tendrán que pagar el pago del agua". En este sentido, indicó que esta situación se debe a que, tal y como establece la Ley del Agua, se aplicará una bonificación del 90 por ciento a las comunidades de usuarios, que es como se llama a las traídas vecinales, por lo que en la práctica tampoco tendrán que pagar el canon.

Al respecto, ha hecho un reconocimiento al "esfuerzo" realizado por los habitantes del rural cuando afrontaron la necesidad de disponer de un servicio "tan elemental como es el agua" y que, por razones de diversa índole, las administraciones no les proporcionaron a estos usuarios. De ahí las bonificaciones que se establecen en la nueva Ley del Agua, explicó.

Del mismo modo, recordó que la Ley de Aguas también recoge que los usuarios agrarios, ganaderos y forestales quedan exentos en el pago del canon puesto que estas actividades representan un elevado porcentaje de consumo en las traídas vecinales.

Así las cosas, el conselleiro de Medio Ambiente ha resumido que, aunque no existe una "exención expresa" en la ley para los pozos particulares o comunidades de usuarios, la configuración del propio tributo hace que en la práctica estén "exentas" del pago, porque su coste resultaría superior para las arcas públicas de lo que se percibiría por su repercusión. "En tanto en cuanto yo sea conselleiro, no se aplicará", proclamó Agustín Hernández.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA
Zona Galicia Centro

augasdegalicia

Rúa Tomiño, 16
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 545 358. Fax 981 545 247
augasdegalicia@xunta.es
http://augasdegalicia.xunta.es

Que emite o enxeñeiro de camiños, canais e portos, afecto a este Servizo Territorial, Demarcación Galicia Centro de Augas de Galicia, en relación coa denuncia do epígrafe.

Emítase informe de valoración de danos en base ao informe de gardería de data 28/04/11.

Os feitos denunciados, localizados no lugar referido no encabezamento, refírense ao aproveitamento de augas sen autorización, o que constitúe infraccións tipificadas nos artigos 84 e 85 a) e c) da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Segundo o informe de gardería, esta captación foi recollida mediante a construción dunha galería duns 8 m na parcela 445 do polígono 115, dende este punto a auga condúcese ata a parcela 394 do mesmo polígono na que se ubica o repartidor e depósitos a partir dos cales sae unha entubación cara a vivenda de cada un dos usuarios reflectidos no encabezamento.

A compoñente de danos ó dominio público hidráulico, está formada polo custo do recurso, aplicándose por non constar exista contador volumétrico ou método de estimación indirecta, valorando o consumo estimado durante un ano en m³ e aplicándolle o prezo unitario do recurso en euros/m³.

O consumo estímase en 4305 litros/día, facendo o cálculo cunha vivenda de tres habitacións, incluíndo nese consumo a necesidade de auga dunha familia de tres membros. Tendo en conta a existencia de 7 vivendas abastecidas, correspondentes aos usuarios nomeados con anterioridade.

No que atinxe ó valor de recuperación do dph, estímase representativo seguimento e a avaliación da recuperación do nivel de caudal do devandito cauce (4 meses).

DANOS O DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	
Concepto	Importe €
1071,63 m ³ de auga procedente do punto de captación, con usos destinados ó abastecemento, no segundo tramo, a vinteito céntimos (0,28 €/m ³) o m ³ , e con suxeición ao canon da auga (Lei 9/2010).	300,06
RESTAURACIÓN AMBIENTAL	
4 meses de seguimento e vixilancia da zona, e avaliación mediante informes feitos por medio da Xunta de Galicia da recuperación dos niveis de caudal, a 37,24 €/mes	148,96

VALORACIÓN DOS DANOS:

Considéranse, como K=1, os coeficientes de circunstancias, recuperación do dominio, e de sensibilidade do medio.

Así:
 $V = 300,06 \times 1 + 148,96 \times 1 = 449,02 \text{ €}$

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2011

O enxeñeiro de camiños, canais e portos

Asdo: Jorge Ramil Tojeiro

Se tes constancia dalgún caso de cobro do canon da auga, non dubides en poñerte en contacto co local do SLG da túa comarca para recorrer ou denunciar





Durante unha semana foi imposible realizar xestións na Oficina Agraria Virtual como dar de alta os animais acabados de nacer

A Oficina Agraria Virtual botou avariada varios días

O SLG pediu compensacións polas perdas ocasionadas. O Sindicato Labrego Galego denunciou o colapso da Oficina Agraria Virtual durante toda a semana que foi do 12 ao 16 de decembro causou graves prexuízos nas explotacións gandeiras galegas ao impedirles facer as súas xestións administrativas con normalidade.

Durante o período devandito, foi case imposible realizar xestións básicas para calquera gandeiro ou gandeira como dar de alta aos xatos acabados de nacer. Ao non poder rexistrarse, os animais nados durante eses días non se puideron vender, cos prexuízos que isto causou.

Por exemplo, os becerros frisóns que naceron en explotacións lácteas, polos que se pagan prezos miserables duns 20 euros por res, tiveron que ser alimentados durante todos eses días até que se puideron rexistrar na Oficina Agraria Virtual, o que supuxo un gasto imprevisito que, en moitos casos, nin sequera se deu cuberto ao formalizar a venda. Ademais, debido á deficiente cobertura de Internet do rural galego, habería que engadir o gasto causado polos desprazamentos que os e as titulares de explotacións tiveron que facer até núcleos onde había Internet para poder facer unhas xestións que, ao final, non puideron levar a cabo.

■ Falta de previsión da Consellaría de Medio Rural

Estes feitos demostran unha falta de previsión absoluta por parte da Consellaría de Medio Rural. Hai agora un ano, coa teima de recortar gastos, a Xunta desmantelou o servizo de identificación de gando para xestionalo a través de Internet cunha Oficina Agraria Virtual que, ante avarías de tipo técnico como a sufrida en decembro, non ofrece ningún tipo de alternativa viable para que as explotacións poidan realizar as súas obrigas burocráticas.

Por todo o devandito, dende o Sindicato Labrego Galego esixiuse a inmediata reparación e posta en funcionamento da Oficina Agraria Virtual, a articulación de alternativas solventes para cando esta volva fallar, e a reparación dos prexuízos económicos que a incompetencia da Consellaría de Medio Rural puidera ter causado nas maltreitas finanzas das nosas explotacións gandeiras.

O SLG condena a decisión da Xunta de construír unha incineradora no Irixo

O Sindicato Labrego Galego criticou a decisión da Xunta á hora de darlle o visto bo ao proxecto de construír unha incineradora de lixo no concello ourensán do Irixo, pois a súa realización só vai beneficiar ao capital privado e traerá graves consecuencias medioambientais na zona, o peche de explotacións agrarias e máis despoboamento.

O SLG xa criticou no seu día o plan de tratamento de residuos de Galiza, que aposta por actividades insáns e contaminantes, en vez dun modelo máis sustentable baseado nas tres erres (redución, reutilización e reciclaxe).

Chama a atención a présa do Goberno Galego en satisfacer ao capital privado, xa que falan de que non haberá problemas no tocante aos proxectos de avaliación ambiental e ás lexislacións locais. Como pode ser que a avaliación ambiental e as licencias deste megaproxecto non contemplan o seu impacto no entorno? Como a unha explotación agraria se lles negan aducindo que contamina ou non cumpre as normativas? Isto é o mundo o revés.

Resulta enganoso o dato dos postos de traballo que se

van crear con esta incineradora, xa que ninguén cuestiona e valora o custe ambiental e as consecuencias negativas que isto provocará no tecido socioeconómico do municipio e das comarcas limítrofes

■ Impacto irreversible na actividade agrogandeira

A actividade agraria verase afectada e, con ela, toda a economía básica do lugar. A contaminación xerada vai provocar o abandono do medio rural e o despoboamento, en contra do que nos queren facer crer.

Os labregos e labregas, cada vez máis unha especie en extinción, verán como as terras nas que até agora producían alimentos se verán ocupadas por un xigantesco vertedoiro de lixo e refugallos de todo tipo.

Semella que a visión de ordenación e uso do territorio deste Goberno é clara: legislar para favorecer que a terra agraria do noso País deixe de cumprir a súa función principal, que é a de producir alimentos para a cidadanía -algo irrenunciable para todas e todos nós-, e deixar nas mans dos especuladores e do capital privado o futuro das xeracións vindeiras.



O proxecto contaminante dunha incineradora de refugallos no Irixo ten en xa que a todas as explotacións agrogandeiras da bisbarra

Ramón Verde Rodríguez, produtor de kiwi e viticultor en Forcadela (Tomiño)

“Un dos principais problemas do kiwi é non saber a canto cho van pagar mañá”

Ramón Verde Rodríguez ten 35 anos e leva case toda a vida traballando como agricultor. Agora mesmo, rexenta unha explotación mixta de 3 hectáreas de viñado e algo máis de 4 hectáreas de kiwi na parroquia de Forcadela (Tomiño). Precisamente, falamos con el da situación actual pola que está a atravesar este último cultivo.

■ Como andan os prezos do kiwi na presente campaña?

O mercado do kiwi é feble e tes que buscar persoalmente compradores se queres obter uns prezos decentes, que é o meu caso. Ademais, o prezo tamén depende de factores como a calidade. Nesta campaña estou tendo un prezo de 80 céntimos por quilo, cando na cooperativa se está pagando o mesmo produto a uns 60 céntimos; pero estes son valores que poden variar, dependendo de como vaian as vendas.


■ Entón os prezos poden variar?

Ese é, para min, un dos principais problemas do sector: a intriga de saber que vai pasar no futuro, se vas ter un prezo decente ou non. Os prezos melloraron con respecto a hai dous anos; daquela, eu tiven que vender a

miña colleita a Kiwi Atlántico a 25 céntimos o quilo e salvei o ano grazas aos ingresos do viñado. Agora mesmo, debido á crise, hai pouca demanda e o mercado está en horas baixas, razón pola que no sector hai incerteza por saber como van ir indo as vendas; se o mercado vai mal, caerían os prezos.

■ E de seguro que non ha ser o único problema do sector.

Pois non. Outro problema do cultivo de kiwi na Galiza é que hai poucos compradores e pouca competencia na demanda, polo que os prezos non son tan bos como un quixera. De feito, como xa dixen, para conseguir este ano un prezo de 80 céntimos por quilo tiven que moverme moito e poñer a produción fóra da provincia de Pontevedra; en concreto, na Coruña e en Asturias.



Ramón Verde traballa 4 hectáreas de kiwi e 3 de viñado en Tomiño

“Deberían facerse campañas para dar a coñecer o kiwi”

■ Notou o impacto da seca na súa colleita?

A seca fixo que o calibre do kiwi diminuíse e que aumentase o gasto de gasóleo, o cal sempre resta beneficios.

■ Cales considera que son as solucións que se deberían emprender dende a Xunta e o Ministerio de Agricultura para solucionarlos?

Eu boto de menos que se fagan campañas promocionais para dar a coñecer o kiwi entre a poboación para animar ao seu consumo. Está claro que para nós, un dos principais problemas é que o kiwi non se venda, e esas campañas axudarían a facelo.

O secretario de Servizos ás Explotacións no Sindicato Labrego, Xosé Manuel Calvo Rei, e Xosé Ramón Cendán, reuníronse, o pasado 30 de novembro na Coruña, co delegado especial da Axencia Tributaria en Galiza, Luís Pazos, para tratar os problemas xerados polo envío masivo de cartas a labregos e labregas requiríndolles o modelo 347.

O modelo 347 serve para declarar as operacións con terceiros de máis de 3.005,06 € e é obrigado para aquelas persoas que están nun réxime fiscal de estimación directa; tamén están obrigados a facelo aqueles profesionais da agricultura que estean nun réxime fiscal por módulos se

O requerimento do modelo 347 por Facenda está a atrasar o cobro de axudas

fan vendas a terceiros por máis de 3.005,06 € e esa factura non ten retención.

A esixencia do modelo 347 causou moitos problemas nas explotacións de xente que está no réxime fiscal por módulos e non fixeron vendas sen retención superiores a 3.005,06 €, pois non tiñan obriga de presentalo e foilles requirido igualmente. Isto provocou que non puidesen estar ao día nas súas obrigas tributarias e que, polo tanto,

as axudas que tiñan en trámite se paralizasen até que solucionar o requirimento na Axencia Tributaria.

■ O SLG pide que só haxa envíos a quen corresponda

Os representantes do Sindicato Labrego Galego pedíronlle a Luís Pazos que a Axencia Tributaria só lle requira o modelo 347 a aquelas explotacións que teñen obriga de presentalo.

A maiores, Xosé Manuel

Calvo e Xosé Ramón Cendán solicitaron Luís Pazos, de cara a que non se repita este tipo de problemática no futuro, que non se envíen este tipo de requirimentos de xeito masivo e indiscriminado como se fixo desta vez, senón que se lles mande só a aquelas persoas que corresponda e, sobre todo, que non coincida con campañas e xustificación de axudas agrarias, polos graves prexuízos que provoca á hora de axilizar a tramitación e cobro de subvencións das que depende a liquidez de moitas explotacións agrarias que, polo xeral, están a atravesar unha situación económica crítica.



Imaxe de arquivo do encontro entre a daquela secretaria xeral do SLG, Lidia Senra, e Arias Cañete, cando era ministro de Aznar

O SLG pídelo a Arias Cañete reformas valentes para dignificar as rendas labregas

O Sindicato Labrego Galego aproveitou o nomeamento de Miguel Arias Cañete como Ministro de Agricultura para lembrarlle os grandes retos que ten sen resolver enriba da mesa e para animalo a emprender reformas coa decisión e valentía necesarias.

A primeira petición que lle fixo o SLG a Arias Cañete foi a de que concretase as palabras de Mariano Rajoy durante o seu debate de investidura, nas que dixo que cumpría realizar as reformas necesarias para rematar "coa inestabilidade das rendas dos agricultores".

Nestes intres estamos nunha conxuntura crucial, en pleno debate da reforma da Política Agraria Común (PAC), polo que Arias Cañete dende a súa carteira, e o novo Goberno do Estado, teñen unha oportunidade de ouro para defender unha postura dirixida a garantir, precisamente, esas rendas labregas. Para iso, só hai un camiño: unha PAC que estableza sistemas de control da produción para que a oferta se adecúe á demanda e non haxa excesos de produción que boten por terra o valor dos produtos agrarios; que cree mecanismos para fixar prezos en orixe que cubran os custos de produción e deixen rendas dig-

nas nas explotacións; e que free un proceso de liberalización dos mercados que só favorece a dictadura das grandes multinacionais e industrias do sector, que imponen prezos e condicións ruinosas para as explotacións, que seguen pechando por miles cada ano, e para a cidadanía, que ve comprometida a súa alimentación e o custe da mesma por estas políticas.

■ Afeitos e afeitadas a que nos vendan fume...

Só defendendo posicións valentes como as devanditas no seo da Unión Europea, e desenvolvendo políticas que vaian nesa dirección no Estado Español, Mariano Rajoy poderá aspirar a ver realizado o seu desexo de rematar coa inestabilidade nas rendas dos labregos e das labregas. O contrario convertería ás súas palabras en simple fume, algo ao que, por desgraza, estamos demasiado afeitos e afeitadas na Galiza e no resto do Estado.

Esixen indemnizacións a Monsanto polo mel contaminado con OXMs

A Coordinadora Europea da Vía Campesina (CEVC) pediu a Monsanto que "asuma as súas responsabilidades e indemnice aos apicultores e apicultoras" pola contaminación transxénica que provocou a perda das súas colleitas de mel e dos mercados onde a vendían"

Ademais, a Coordinadora Europea da Vía Campesina reclamou a suspensión inmediata da autorización do millo manipulado MON 810 causante da contaminación e, a maiores, "a prohibición de todo cultivo de plantas modificadas xeneticamente nectaríferas e poliníferas que poidan contaminar produtos apícolas a curto e longo prazo, pois estas contaminacións impondrían aos apicultores e apicultoras unha multiplicación da análises destinadas a probar a ausencia de OXMs, mesmo un etiquetado OXM do mel e dos produtos da colmea".

Desta maneira, respondeu a Coordinadora ante a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, que prohibiu a comercialización de pole e mel que conteñan pole de millo

MON 810, que non está permitido para consumo humano. Isto implica que os apicultores e as apicultoras que poidan ter contaminadas as súas colleitas con pole transxénico non poidan vender os seus produtos. A CEVC cualificou de "inaturable" esta "nova catástrofe que se suma á forte mortalidade das colmeas debido, en gran parte, á utilización de praguicidas e insecticidas sistémicos neurotóxicos".

Para a Coordinadora Europea da Vía Campesina, todos estes prexuízos se deben á negligencia de Monsanto, multinacional á que fai responsable "desta situación catastrófica que afecta a miles de apicultores e apicultoras de toda Europa, Latino América e outros países subministradores do mercado europeo".



Protestas de colectivos ecoloxistas en Bruxelas contra a contaminación das colmeas con pole de plantas transxénicas

Acordan na UE un paquete lácteo que traerá máis crise ao sector

O Sindicato Labrego volveu avogar por regular prezos e mercados no Grupo Consultivo do Leite

O Sindicato Labrego Galego denunciou o acordo entre a Comisión, o Parlamento e o Consello de Ministros e Ministras de Agricultura da Unión Europea, porque deixa ao sector

lácteo totalmente en mans da industria. O acordo, que se adoptou o pasado 10 de decembro, renuncia a crear mecanismos para que os produtores e produtoras de leite teñan prezos esta-

bles e que permitan repercutir neses prezos as subas nos custes de produción. No lado positivo, a produción seguirá regulada nos alimentos amparados por indicacións xeográficas.

A Comisión e o Parlamento da UE recoñeceron o desequilibrio e as desigualdades no poder de negociación entre a industria e o sector produtor. Pese a iso, no se acordaron medidas para regular a produción e o mercado; deixando, unha vez máis, o poder de impor condicións en mans da industria.

Sorprenden todas as limitacións que se poñen na dimensión das organizacións de produtores e produtoras, cando en fronte hai grandes multinacionais como Lactalis, ou outras, que imponen os prezos e condicións que queren en diferentes países.

Esta reforma atenta contra os produtores e produtoras e agudizará os problemas que

crea o actual sistema: desaparición de miles de gandeiros e gandeiras na Galiza e na UE, ao tempo que aumenta a concentración da produción en granxas cada vez máis industrializadas e en determinadas zonas como o norte de Alemaña, onde xa se constatan graves problemas de nitratos en terras e augas, con un modelo de produción cada vez máis intensivo e que xera alimentos de peor calidade.

Tamén o 10 de decembro, no Grupo Consultivo do Leite facíase público o dato de que máis de 25.000 persoas morren cada ano na UE polas resistencias a antibióticos, de amplo uso en saúde humana e veterinaria.



As políticas leiteiras da UE teñen provocado numerosas protestas en Bruxelas, como a da imaxe, co Parlamento Europeo ao fondo

As demandas do Sindicato Labrego Galego tamén se escoitaron en Bruxelas

Na xuntanza do Grupo Consultivo do Leite, un representante da Comisión Europea presentou a proposta de contractualización feita ao servizo da gran industria leiteira. Nesa xuntanza tamén participou a compañeira Isabel Vilalba Seivane, membro da Executiva do Sindicato Labrego e do comité da Coordinadora Europea Vía Campesina. Isabel Vilalba presentoulle tres demandas ao representante da Comisión Europea:

1. Mecanismos para que nos contratos figure un prezo mínimo que permita integrar as subas nos custes de produción e unha remuneración xusta polo traballo.
2. Que se arbitre un sistema para cando non haxa acordo entre as partes, sen que o prezo sexa imposto pola industria.
3. Que aos produtores e produtoras se lles garanta non ter que asinar un contrato co que non estean de acordo.

No apartado informativo sobre a situación do mercado, Isabel Vilalba tamén denunciou os baixos prezos que están a impor as indus-

trias nalgúns zonas como Galiza, así como o feito de que, fronte ao aumento de produción en países como Alemaña, Francia ou Irlanda e unha gran incerteza na saída do produto ao mercado, non se trate de tomar medidas para evitar unha crise futura.

Por outra parte, o Sindicato Labrego Galego rexeitou que se deixe ás cooperativas fóra dos mecanismos de contractualización, xa que teñen unha importante recollida de leite e moitas veces na práctica imponen condicións igual de agresivas para os produtores e as produtoras cás outras industrias.

En definitiva, o SLG sumouse á petición que a Coordinadora Europea Vía Campesina lle fixo ao Parlamento Europeo e ao Consello para que non ratifiquen este acordo, e traballen en mecanismos que garantan prezos que lles permitan vivir dignamente do seu traballo a todos os produtores e produtoras de leite, así como o mantemento dunha produción de leite sostible en Galiza e nas diferentes rexións europeas.

En positivo: a produción das IXP seguirá regulada

O SLG valorou positivamente que mudasen algunhas normas da competencia para negociar o prezo do leite, tal e como sempre sostivo esta organización agraria. Neste senso, o SLG pediu que se recoñeza a importancia do leite como un alimento básico, que non pode deixarse abandonado á ditadura dos mercados. Pensamos que o mantemento da regulación da produción para as indicacións xeográficas protexidas (IXP) é positiva, aínda que cos mesmos criterios debería estenderse ao mercado do leite na súa totalidade.

A Xunta legaliza a usurpa de Galiza por parte das in

1. Lei de Mobilidade de Terras *ou como sacarnos a terra onde producimos alimentos para darlla a empresas para producir enerxía*

Artigo 4

Supón a inclusión de persoas físicas e/ou xurídicas como usuarias ou aproveitadoras dos predios con vocación agraria **sen que estas sexan "agricultoras profesionais nin agricultoras a título principal"**. Deste xeito, vulnérase o espírito da Lei 7/2007, de 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, que pretendía mobilizar as superficies improdutivoas con aptitude agraria de cara a facilitar o redimensionamento das explotacións agrogandeiras.

Coa nova Lei de Mobilidade de Terras, ¿quen pode facerse coas leiras a traveso do Banco de Terras? CALQUERA EMPRESA, ademais das explotacións agrarias.

Artigo 3.1

Define como **predios con vocación agraria todos aqueles que sexan susceptibles de ter un aproveitamento agrícola, forestal, gandeiro ou mixto**, sen precisar como aproveitamento agrícola o relativo á produción de alimentos. Esta indefinición posibilita a interpretación de predio agrario como aquel que se destine a cultivos con calquera finalidade (como produción de agrocombustibles ou de agromasa para enerxía), ademais de incluír descaradamente os aproveitamentos forestais dentro das parcelas **CON VOCACIÓN AGRARIA!!!** vulnerando, unha vez máis, o espírito da Lei 7/2007 en canto a que non serán as explotacións agrogandeiras as que se redimensionen, senón as persoas físicas ou xurídicas que teñan como finalidade outro tipo de negocios ben diferentes da produción alimentaria.



Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 205

Mércores, 26 de outubro de 2011

Páx. 31395

TÍTULO II

Do Banco de Terras de Galicia e da súa xestión

CAPÍTULO I

Do Banco de Terras de Galicia

Artigo 4. O Banco de Terras de Galicia.

1. O Banco de Terras de Galicia é un instrumento ao que se poderán incorporar os predios con vocación agraria e no que se centralizan os datos relativos á oferta e á demanda deses predios, para seren cedidos pola entidade xestora do Banco de Terras de Galicia para o seu uso e aproveitamento por calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada. É tamén un instrumento para levar a cabo a mediación da entidade xestora con terceiras persoas, tanto para acadar a incorporación dos predios ao Banco de Terras coma para lograr a súa cesión, estean ou non incorporados ao Banco de Terras, e para levar a cabo a súa depuración física e xurídica.

Artigo 3. Definicións.

Para os efectos desta lei, enténdese por:

1. Predio con vocación agraria: todo aquel terreo, ou dereito real ou persoal sobre el, tanto cando se trate de dereitos derivados da súa titularidade patrimonial coma dos dereitos reais sobre predios de titularidade allea, que constitúe un eido ou unha parcela, que, independentemente da súa clasificación urbanística, sexa susceptible de ter un aproveitamento agrícola, forestal, gandeiro ou mixto, así como os elementos vinculados ao predio, entendendo por tales a casa de labor, as edificacións e as dependencias, aínda que non sexan lindeiras.

Non perderá o seu carácter de predio con vocación agraria por se tratar do lugar acasado nos termos establecidos polo artigo 119 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, ou por se tratar dun predio vinculado a explotacións agrarias nos termos establecidos na normativa galega reguladora do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, nin tampouco por se tratar de predios vinculados a explotacións forestais ou mixtas de tipo industrial, ou locais ou terreos dedicados exclusivamente á estabulación do gando.

Por tanto, ¿para que se poden usar esas terras arrendadas ao Banco de Terras por calquera empresa? Para calquera cultivo destinado á produción enerxética, xa que estes son considerados tamén produción agraria.

Por iso non quixeron incluír no articulado a proposta que fixo o Sindicato Labrego Galego no Consello Agrario do 25 de novembro do 2010, de considerar aproveitamentos agrícolas só aqueles que foran para a produción de alimentos e de considerar o Banco de Terras só para arrendar terras para as explotacións.

Usurpación das terras agrarias por industrias enerxéticas

2. Lei de Montes (en debate) ou como se incrementa a superficie forestal para pasto das empresas enerxéticas



Dous exemplos das forestacións ilegais de terras agrarias que a Xunta ignora e que pretende legalizar coas novas leis: á esquerda, as leiras de nabizas conviven con plantacións de eucaliptos novas (ao fondo) en terreos de concentración parcelaria de Santaballa (Vilalba); á dereita, vacas pacendo nunha pradería no lugar de Arrubial (Páramo, Castroverde) que ten chantada no medio unha plantación ilegal de piñeiros

Aínda que a Lei de Montes non se publicou aínda no Diario Oficial de Galiza, o seu texto aprobouse no Consello Forestal, onde tivo os votos en contra de Amigos da Terra e do Sindicato Labrego Galego. En breve, será ditaminada polo Consello Económico e Social. De seguido, adiantamos algúns dos seus artigos máis controvertidos.

Artigo 61. Cambios de actividade agrícola a forestal

Somentes os **terreos rústicos de uso agrícola en estado de manifesto abandono e que estiveran adscritos a un banco de terras agrarias** ou instrumento semellante por un período de polo menos dous anos, **poderán forestarse** previa comunicación á Administración forestal, cando cumbran algún dos seguintes supostos:

- a) **Que linden con terreos forestais**, cando se utilicen frondosas caducifolias.
- b) **Que constitúan enclaves agrícolas de ata cinco hectáreas** en superficie arborada, utilizando as especies das superficies limítrofes ou frondosas caducifolias.

O artigo 61 dá legalidade ao delito de forestar terras agrarias

Co artigo 61 da Lei de Montes, a Xunta pretende dar legalidade á forestación ilegal de terras agrarias que nestes momentos enche as leiras de Galiza de piñeiros, eucaliptos ou frondosas caducifolias, botándonos delas ás labregas e aos labregos que cultivamos alimentos.

Para forestar leiras e agros, só será necesario pasar polo Banco de Terras e botar man da recentemente aprobada Lei de Mobilidade de Terras que, como xa vimos no artigo anterior, ben sabemos para quen e para qué vai servir.

Por certo: ¡As frondosas caducifolias tamén sirven para cultivos enerxéticos!

En canto á nosa posición, o Sindicato Labrego Galego defendeu en todos os ámbitos e reunións que este artigo ten que desaparecer da Lei de Montes na súa totalidade.

Non precisamos máis superficie forestal, xa que a superficie de monte na actualidade está máis que infrauti-

lizada, tanto a nivel forestal como doutros aproveitamentos perfectamente compatibles no monte.

■ Queren forestar o agro ao tempo que se abandona o monte

A terra para producir alimentos, a superficie agraria útil, é cada vez menor, non chegando nin a unha terceira parte do territorio.

A posibilidade de ter explotacións ben dimensionadas e en base á terra, que sexan menos dependentes da compra de alimentación para o gando vemos como merma todos os días.

O dereito a que na nosa terra poidamos alimentar á nosa poboación, e a que a nosa comida non dependa dos negocios especulativos das multinacionais da alimentación, está sendo conculcado con leis como a de montes ou a de mobilidade de terras, que ás penas están sendo coñecidas no seu alcance.

Lei de Montes: Disposición transitoria novena. A usurpación dos montes veciñais

Disposición transitoria novena.

Montes con consorcios ou convenios coa Administración

1. Os consorcios ou convenios de repoboación coa Administración forestal existentes nos montes á entrada en vigor desta Lei, serán obxecto de:

a) Cancelación de oficio nun prazo máximo de tres anos contados a partir da entrada en vigor desta Lei, nos casos seguintes:

- Montes que non presenten saldo debedor á data de entrada en vigor da presente Lei ou en calquera momento dentro do prazo máximo estipulado.
- Montes catalogados de dominio público, que pasen a xestionarse de acordo co establecido no artigo 34 e seguintes desta lei.
- Montes que non conseguiran os fins para os que se subscribira o convenio ou consorcio por causas relacionadas co estado legal, administrativo ou económico do monte.

b) Finalización nun prazo máximo de catro anos contados a partir da entrada en vigor desta Lei, debendo en dito prazo asinarse un contrato temporal de xestión pública. No caso de non formalizarse dito contrato no prazo establecido, este deberá aboar o saldo debedor do convenio ou consorcio finalizado á comunidade autónoma. De non producirse dito abono, procederase a súa anotación preventiva, en concepto de carga real, das cantidades adebedadas á comunidade autónoma de Galicia, no correspondente Rexistro da Propiedade, e non poderán ter axudas ou beneficios de ningún tipo en tanto non regularicen a súa situación nos termos previstos na presente Lei.

2. Previamente á cancelación do convenio ou consorcio, a Administración forestal elaborará y aprobará un instrumento de ordenación ou xestión forestal, consonte ao artigo 81, que garanta a continuidade da xestión forestal sostible.

3. O novo contrato de xestión pública, de proceder dun convenio ou consorcio finalizado, considerará, como primeira partida do anticipo reintegrable de novo contrato, a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Administración forestal e os ingresos do consorcio ou convenio, aplicando a partir dese momento o réxime previsto para a contabilización.

4. A efectos contables, as débedas dos consorcios realizados pola Administración forestal serán condonadas polo importe a que ascendía a dita conta no momento da clasificación do monte como veciñal en man común.

Outro exemplo claro de forestación ilegal de terras agrarias no lugar de Acebo (Penamaior, Becerreá): as plantacións de eucaliptos -feitas en terras onde están prohibidas e sen respectar os 50 metros de distancia a que obriga a lei- chegan ao pé das casas, co evidente risco para a seguridade das persoas en caso de incendio forestal. Un delito que se está a perpetrar en toda Galiza co beneplácito da Xunta



Vía libre para que as empresas se apropien dos nosos montes

No SLG entendemos que están preparando, por lei, que os montes veciñais sexan xestionados por empresas, en xeral, e por industrias enerxéticas, en particular.

Na práctica, con esta proposta de lei, as comunidades de montes non poden rescindir nunca un convenio polas débedas que teñen que pagarlle á Administración. Como non poden afrontar as débedas, a Administración amarra de novo ás comunidades cun contrato. Para xestionar os montes teñen as SOFOR (Sociedades de Fomento Forestal) constituídas por empresas que, seica, nos van sacar da miseria!

**¡¡¡OS MONTES VECIÑAIS
AMARRADOS DE POR VIDA A
CAUSA DAS DÉBEDAS QUE A PROPIA
XESTIÓN DA ADMINISTRACIÓN
FORESTAL XENEROU NELES!!!**

■ As industrias pretenden que cedamos os montes a cambio de nada

O Sindicato Labrego Galego propuxo que se condonen as débedas de oficio a todas aquelas comunidades de montes que queiran pasar a rescindir os convenios ou consorcios e que queiran xestionar o monte veciñal directamente.

Preparando toda esta estratexia e lexislación, agora xa entendemos que teñan pasado polas nosas parroquias, nos últimos tempos, varias empresas "de biomasa" dicindo que nos van limpar os montes para que non ardan e, de paso, nolos alugan "gratis" para cultivos moi rentables para eles. No meirande dos casos, o argumento das empresas foi que lles deixemos o monte a cambio de nada, para que nolo manteñan limpo e non veña o lume, que iso seica xa é bastante favor que nos fan!!!

A xustiza obriga a Lácteos Tambre a pagar so pena de ser embargada

Os xulgados de Ordes fallaron a favor das explotacións e o SLG solicitou a execución da sentenza

Unha comitiva de gandeiros e gandeiras afectados polos impagos de Lácteos Tambre volveu concentrarse, o 16 de decembro, na factoría desta empresa en Penateixa (Sigüeiro) para

protestar polas débedas que mantén con moitas explotacións que levan sen cobrar varias entregas de leite dende hai un ano. A Lei de Morosidade obriga ao pagamento de produtos perece-

doiros en trinta días, polo que os xulgados de Ordes xa fallaron de xeito favorable a tres das explotacións afectadas. Os servizos xurídicos do SLG solicitaron a execución da sentenza.



A pesar das primeiras sentenzas contra Lácteos Tambre, o SLG continua coas concentracións de protesta diante da empresa

A concentración de denuncia contou coa presenza da secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Carme Freire; e do membro da Executiva e gandeiro de Oroso, Xosé Manuel Calvo Rei. Ambos informaron de que os servizos xurídicos do SLG pediron, ese mesmo día, a execución provisional das tres sentenzas falladas, até o de agora, polo xulgado de Ordes, e que obrigan a Lácteos Tambre a pagar.

En caso de que a láctea persista na súa negativa a ingresar os cartos que debe, o xulgado procederá ao embargo dos seus bens, a pesares de que, tal e como adiantou Vítor Vázquez Cao, outro dos gandeiros afectados que traballa nunha explotación de Vilagudín (Ordes), "Lácteos Tambre está a utilizar todos os trucos legais ao seu alcance para demorar canto poida os pagamentos".

A Xunta e Medio Rural seguen sen defender ás explotacións

Carme Freire non dubidou en sinalar responsabilidades políticas diante da inhibición da Consellaría de Medio Rural e dos partidos políticos da oposición. "Xa que non queren saber deste problema a través das denuncias públicas", declarou a secretaria xeral do SLG, "presentaremos un dossier ante a Xunta para que se dean por informados da crítica situación pola que están atravesando estas explotacións, da débeda que mantén Lácteos Tambre con elas e do proceso xudicial. Con todos estes datos sobre a mesa, agardamos que Samuel Juárez condene actitudes como a desta empresa que, mantendo indefinidamente impagos ás explotacións que lle subministran o leite, se atreve a presentar unha oferta de doce millóns de euros para adquirir Clesa; e agardamos tamén que todos os partidos políticos galegos fagan unha condena no mesmo sentido". Gandeiras como Feli Mato, que rexenta unha das explotacións afectadas pola morosidade de Lácteos Tambre en Gorgullos (Tordoia), incidiu no mesmo reclamando dos partidos políticos e do Goberno Galego saber "de que lado están".

Carme Freire cualificou o silencio da Administración ante este problema de "complicidade e aval para que empresas e empresarios sen escrúpulos como Lácteos Tambre e Ríos Sanguiao negocien coa nosa vida e coa dos nosos fillos e, por riba, queden impunes publicamente".

Aínda que as explotacións apoiadas polo SLG e que se atreveron a denunciar son seis -que en conxunto teñen unha débeda contraída coa láctea duns 60.000 euros- "as afectadas son moitas máis e o seu número non para de medrar", afirmou Irene Vázquez Astray, unha das gandeiras presentes na concentración que ten a súa granxa en Burres (Arzúa).




Irene Vázquez Astray

"As explotacións afectadas son moitas máis que as seis que denunciámos, e o seu número non para de medrar"




Feli Mato

"Queremos saber se a Xunta de Galicia e os partidos da oposición están do noso lado ou do da empresa"




Carme Freire Cruces

"O silencio da Xunta é aval para que empresas sen escrúpulos negocien coa nosa vida e a dos nosos fillos"



Vítor Vázquez Cao

"Lácteos Tambre está a utilizar todos os trucos legais ao seu alcance para demorar canto poida os pagamentos"



Xosé Manuel Calvo

"Non se pode permitir que unha empresa como Lácteos Tambre se estea a enriquecer a costa da nosa suor"

Medio Rural reincide nunhas axudas inútiles para prever e paliar os danos do lobo

A tenor das axudas para paliar e prever os ataques do lobo, publicadas a finais de decembro, o SLG volveu criticar a inoperancia e pasividade da Consellaría de Medio Rural diante dos danos producidos pola fauna salvaxe sobre as explotacións agrogandeiras galegas.

As axudas devanditas son tan irrisorias que semellan unha burla, serán ineficaces como se ten demostrado en campañas pasadas e, desde logo, non van solucionar un problema que esta causando perdas millonarias ao agro galego.

Tamén temos que criticar a falsidade das estatísticas sobre ataques de lobo sobre o gando, que seica ascenderon a 353 en 2011. Esta cifra é moi superior, xa que Medio Rural só ten en conta os ataques que confirman os seus servizos técnicos, que non son todos. Ademais, moitas das explotacións afectadas non dan parte dos danos para evitar unhas enormes obrigas burocráticas que só serven para conseguir unhas exiguas esmolas que non cobren, nin de lonxe, as perdas ocasionadas.

Ademais, os danos da fauna salvaxe veñen causados por outras especies a maiores dos lobos e afectan a toda a sociedade. Animais como o xabaril causan estragos na agricultura e provocan, cada vez, máis accidentes de tráfico, por exemplo; mentres que especies coma o corzo están a causar estragos nas plantacións forestais.

■ As propostas do Sindicato labrego Galego

Aínda que a Consellaría de Medio Rural non o vexa, o problema da fauna salvaxe ten solucións, e no SLG temos varias propostas.

A **curto prazo**, a Xunta debería permitir aos territorios cinexeticamente ordenados (tecores) realizar capturas ilimitadas naquelas

zonas onde determinadas especies se teñen convertido en praga, provocando fortes desequilibrios na cadea trófica e no medio ambiente, serios problemas de seguridade pública e abondosos danos na agricultura e na gandería.

Máis a **longo prazo**, as medidas para controlar a fauna salvaxe pasan por unha ordenación racional do territorio, conservando e mesmo aumentando a superficie agraria útil de Galiza para producir alimentos, e mantendo a prohibición de forestar terras agrarias. Deste xeito, manteríanse controlados e limitados os hábitats artificiais para a fauna salvaxe creados polas plantacións incontroladas e ilegais de especies como o eucalipto ou o piñeiro.

Por desgracia, e a pesares de ter pedido oficialmente un encontro na Dirección Xeral de Conservación da Natureza, no Sindicato Labrego Galego aínda non recibimos resposta, polo que non podemos compartir estas propostas cos responsables de Medio Rural. Nin sequera despois de presentar máis dun milleiro de sinaturas de labregos e labregas reclamando solucións a un problema non só de danos sobre as explotacións, senón tamén de sanidade e seguridade públicas.



Ao contrario de Francia, o Goberno do Estado Español segue empeñado en impedir que se poidan negociar valores dignos para o leite; na imaxe, xuntanza co ex-secretario xeral de Medio Rural, Eduardo Tamarit, na presentación dun contrato lácteo sen prezo

O SLG pide sistemas coma os franceses para negociar prezos dignos para o leite

O SLG expresou a súa indignación ante a parálise da Consellaría de Medio Rural e do Ministerio de Agricultura á hora de crear condicións para que as explotacións e industrias poidan negociar un prezo do leite que satisfaga a todos, tal e como se fai en Francia.

O 23 de decembro, coincidindo coa xuntanza da Dirección do Leite do SLG, coñeciase a nova de que a Interprofesional Leiteira de Bretaña e o País do Loira (Cilouest) acordara un prezo de referencia para o leite en xaneiro de 2012 de 33,81 céntimos por litro.

Diante desta información, o Sindicato Labrego denunciou que non se poden negociar or prezos do leite, nin na Galiza nin no conxunto do Estado Español, e que seguimos padecendo os valores máis baixos da Unión Europea. Sabendo que a normativa comunitaria que rexe a competencia é a mesma no Estado Español que en Francia, temos que culpar ás políticas do Ministerio de Agricultura e da Consellaría de Medio Rural da indefensión e desamparo que sufren as explotacións leiteiras do noso País. O conselleiro de Medio Rural e o ministro de Agricultura deberían cuestionarse por

que en Francia e na Bretaña teñen mellores prezos, poden negociar os e lles funciona o sistema; e por que aquí non se poden facer negociacións, sufrimos prezos de miseria e unha total indefensión diante dos valores que marca de xeito unilateral a industria.

Dende o Sindicato Labrego Galego volvemos reivindicar a negociación colectiva dos prezos nun foro onde estean representados todos os axentes do sector lácteo (explotacións, industrias, consumidores e consumidoras, distribuidoras), que conte coa arbitrase da Administración, e que fixe e garanta uns valores dignos para o leite a través dun contrato. Calquera outra política que non asuma estes mínimos abocará ao sector leiteiro a seguir afondando na crise crónica que padece dende que entramos no Mercado Común e que se levou por diante ducias de miles de explotacións na Galiza.

O SLG pide incentivos para apoiar a cotitularidade nas explotacións

As labregas que o desexen xa se poden inscribir como cotitulares na Xunta a partir do 5 de xaneiro

O pasado 14 de decembro, a Consellaría de Medio Rural convocaba ás organizacións agrarias para abordar a aplicación na Galiza da Lei de Titularidade Compartida nas Explota-

cións, que entrou en vigor o 5 de xaneiro. Nese encontro, Medio Rural informou dos pasos que se están dando neste proceso, e Isabel Vilalba, como responsable da Secretaría das Mu-

lleres, fixo varias demandas encamiñadas a que a nova lei se aplique con éxito; ao tempo que ofreceu o apoio do Sindicato Labrego a aquelas mulleres que se animen a dar este paso.

En primeiro lugar, Medio Rural informou sobre o procedemento que se vai establecer para solicitar a inscrición no rexistro galego de titularidade compartida.

Agora mesmo, a Administración está traballando para modificar o decreto que regula o rexistro de explotacións agrarias na Galiza para que incorpore a cuestión da cotitularidade; mentres este proceso non remate, habilitouse un procedemento intermedio, dende o 5 de xaneiro, para ir recollendo as solicitudes de titularidade que se vaian facendo no noso País.

Para poder rexistrarse como cotitular da súa explotación, as solicitantes deberán cumprir os requisitos esixidos pola propia Lei de Titularidade Compartida: estar dadas de alta na



A iniciativa do SLG foi fundamental na xestión da Lei de Titularidade Compartida; na imaxe, Isabel Vilalba (de fronte, terceira pola dereita) nunha das xuntanzas do grupo interministerial que a redactou

Seguridade Social, traballar de xeito directo e persoal na actividade agraria, e residir no ámbito territorial no que estea a explotación. En canto ao procedemento de solicitude en si, primeiro cómpre que a interesada solicite na

Axencia Tributaria un número de indentificación fiscal provisorio (NIF); unha vez que o obteña, xa se pode solicitar a inscrición no rexistro de titularidade compartida da Consellaría de Medio Rural.

■ A Secretaría das Mulleres anima ás labregas a inscribirse como titulares

Dende a Secretaría das Mulleres do SLG, pediúselle a Medio Rural que solicitar a titularidade compartida sexa contemplado como baremo positivo á hora de conceder subvencións ou de obter beneficios fiscais; e que, a maiores, a solicitude non implique repercusións negativas para a explotación.

Diante deste proceso, a Secretaría das Mulleres quixo enviar unha mensaxe a todas as afiliadas do Sindicato Labrego que non son titulares da explotación na que traballan, para que se animen a solicitar esa titularidade. Para facilitarlles este paso, o SLG prestaralles toda a axuda que soliciten, tanto a nivel informativo, como xurídico e burocrático.

Accións conxuntas para o 8 de marzo

O pasado 23 de decembro, a responsable da Secretaría das Mulleres do SLG, Isabel Vilalba, mantiña unha xuntanza en Compostela con representantes de diversos colectivos sociais para organizar conxuntamente o 8 de marzo, Día da Muller Traballadora. Asistiron a este primeiro encontro, amais da Secretaría das Mulleres do SLG, a Marcha Mundial das Mulleres, a Rede Feminista

Galega, Andaina, Feminismos Compostela, Ataraxa, e as secretarías das mulleres de CIG, CUT e CCOO. Están previstas novas incorporacións en breve.

Isabel Vilalba adiantou que "este 8 de marzo aproveitaremos para denunciar o xeito en que os recortes sociais afectan especialmente ás mulleres. Polo de agora, acordamos a elaboración dun manifesto, no que se incluí-

rán análises e reivindicacións referentes aos recortes en eidos como sanidade, educación, loita contra a violencia machista, servizos sociais, traballo, etc."

Outro dos acordos foi a realización dunha campaña en todas as comarcas, durante xaneiro e febreiro, onde se habilitarán espazos nos que a cidadanía poida ver todo o que está acontecendo nos ámbitos devanditos.

Finalmente, o 11 de marzo haberá nunha mobilización en Compostela na que os colectivos de mulleres e feministas, e a cidadanía en xeral, expresarán o seu desacordo e descontento con toda esta política de recortes, e demandarán que os piares básicos que sustentan ao estado de benestar non se convertan en moeda de cambio para recortar en beneficio do gran capital.

TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA MULLERES



016

Non permitas que te maltraten. Solicita axuda no teléfono 016.

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Suplemento subvencionado por:

**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

No Sistema Especial de Traballadores/as por Conta Propia Agrarios/as (SETA)

Guía para tramitar as baixas por accidente

O presente texto é unha guía de actuación en caso de que precisas solicitar unha baixa por accidente -sexa laboral ou non- ou por enfermidade. Tamén avanzamos os últimos cambios que se deron na cotización do réxime especial de traballadores agrarios e traballadoras agrarias

con dereito a cese na actividade. Se tes dúbidas sobre calquera prestación, sobre as baixas médicas ou sobre algunha cuestión da reforma das pensións, acode á xuntanza que sobre este asunto terá lugar na túa comarca. Tamén podes pasar polo local do SLG máis próximo.

1. QUE FACER EN CASO DE ENFERMIDADE COMÚN OU ACCIDENTE NON LABORAL?

Para comunicarlle á mutua a baixa, temos 15 días naturais dende que o persoal médico do Sergas nos dá a baixa médica. Debemos comunicar á mutua / INSS quen queda a cargo da explotación ou se a pechamos.

■ DOCUMENTACIÓN a presentar:

- 3 últimos cupóns da Seguridade Social.
- Fotocopia do DNI.
- Certificado da conta bancaria.
- Impreso de solicitude (cada mutua ten os seus).
- Declaración de situación da actividade (moi importante entregala nos 15 días naturais seguintes á baixa médica).
- Parte de baixa médica.

Logo hai que entregar semanalmente os partes de confirmación que nos dá o/a médico/a de cabeceira.

■ ONDE SE SOLICITA:

Hai que entregar a solicitude e a documentación ou no INSS ou na mutua que temos escollida (se non lembramos cal é, pódese preguntar no INSS).

■ CONTÍAS:

Cálculos coa base mínima no ano 2011: 28,34 €

- Os tres primeiros días non se cobran.
- Do 4º ao 20º día: cóbrase o 60 %, correspondendo 17 € / día (289 €)
- Do 21º día en diante: cóbrase o 75 %, correspondendo por día: 21,26 €

■ DURACIÓN:

O tempo máximo que se pode estar de baixa médica son 12 meses, que se poden ampliar 6 meses máis se o decide a inspección médica.

■ IMPUGNACIÓN DE ALTA MÉDICA:

Se nos dan a alta médica e non estamos conformes, temos 4 días naturais para impugnar esa alta médica.

2. QUE FACER EN CASO DE ACCIDENTE DE TRABALLO?

■ Considerase **ACCIDENTE DE TRABALLO**: Aquel dano ou lesión que vén como consecuencia do noso traballo (exemplo: caída cando estamos xuntando o gando nun prado, ...)

■ **PRAZO** para comunicalo: Temos o mesmo prazo que en enfermidade común / accidente non laboral; coa diferenza de que quen dá a baixa médica é o persoal médico da mutua ou do INSS.

Isto fai que sexa moi importante comunicar ou ir (se é posible) o mesmo día ou canto antes á oficina da mutua máis próxima a onde vivimos.

■ DOCUMENTACIÓN a presentar:

- 3 últimos cupóns da Seguridade Social.
- Fotocopia do DNI
- Certificado da conta bancaria.
- Impreso de solicitude (cada mutua ten os seus).
- Declaración de situación da actividade (moi importante entregala nos 15 días naturais seguintes á baixa médica).
- Parte de baixa médica e parte de accidente de traballo (obrigatoriamente hai que enviá-lo por Internet).

■ **ONDE SE SOLICITA**: hai que entregar a solicitude e a documentación ou no INSS ou na mutua que temos escollida (se non lembramos cal é pódese preguntar na S. Social).

■ **AS CANTIDADES A PERCIBIR**: Facendo os cálculos coa base mínima de cotización do ano 2011 (850,20 € mes e 28,34 € día), sería do 75% da base de cotización, resultando 21,26 € a cobrar por día. Estes cartos cobraranse dende o día seguinte á baixa médica.

■ **A DURACIÓN DA BAIXA**: O tempo máximo que se pode estar de baixa médica son 12 meses, que se poden ampliar 6 meses máis se o decide a inspección médica.

■ **IMPUGNACIÓN DE ALTA MÉDICA**: Se nos dan a alta médica e non estamos conformes, temos 4 días naturais para impugnar esa alta médica.

■ RECOMENDACIONES EN CASO DE ACCIDENTE DE TRABALLO:

1. Acudir en primeiro lugar ao centro de saúde ou hospital.
2. Posteriormente, iremos ou chamaremos á mutua para que nos emitan o parte de baixa médica.
3. Temos que facer un parte de accidente de traballo (obrigatoriamente por Internet, nun prazo de 6 días dende a data do accidente) e enviar copia deste parte ao hospital (para evitar que nos envíen a factura pola atención médica).
4. Se o accidente non é tan grave como para coller baixa médica, temos a obriga de facer un parte de accidente sen baixa médica (o cal tamén teremos que enviar unha copia ao hospital por Internet); hai que enviá-lo nos 6 primeiros días do mes seguinte ao accidente (exemplo: teño un accidente en outubro, e en novembro teño que enviar o parte de accidente sen baixa médica).

■ QUE MUTUA ESCOLLER:

É importante que cando escollamos mutua teñamos en conta cales temos na proximidade que teña servizo médico, xa que de ter só servizo administrativo teremos que acudir ás revisións médicas ao lugar que teña servizo médico; moitas delas teñeno só na capital da provincia.

As persoas que xa temos mutua, podemos cambiala tendo de prazo antes do 30 de setembro de cada ano. O cambio farase efectivo o 1 de xaneiro do ano seguinte.

3. COTIZACIÓN NO SISTEMA ESPECIAL DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES AGRARIAS/OS CON DEREITO A CESE NA ACTIVIDADE (PARO)

• A partir do 01/01/2012 as persoas que cotizan no SETA con dereito a baixa por accidente de traballo e enfermidade profesional é obrigatorio que coticen tamén con dereito a paro (pagarán a maiores o 2,2 % sobre a base de cotización).

• No cupón que o INSS cobrará neste mes de xaneiro, xa aplicará o cobro desta prestación.

• Exemplo aproximado: Para unha base de cotización de 867€, pagarase 234,52 € (incluída a cotización con dereito a paro). O que supón un incremento mensual de 14,74 €

• Hai que ter cotizado mínimo 12 meses para cobrar o paro, con 12 meses cobríanse 2 meses de paro. Como máximo pódense cobrar 12 meses de paro pero hai que ter cotizados 48 meses.

• Cobrarase o paro por cese total na actividade ou por cambio na orientación da actividade por forza maior.

• A xestión desta prestación será coas mutuas; a mesma mutua coa que se ten concertada obrigatoriamente a prestación por incapacidade temporal será a que xestionara o paro; Podendo a Mutua: aprobar, suspender e denegar esta prestación.

■ SOLICITUDE DE SUBIDA OU BAIXADA DA COTIZACIÓN

No caso de querer subir a base de cotización, temos de prazo ata o 31 de marzo de 2012, facéndose efectivo o 1 de xullo de 2012. Ou ata o 30 de setembro de 2012, facéndose efectivo o 1 de xaneiro de 2013. Para baixar a base de cotización, no caso de tela por riba de 867,00 €, os prazos serán os mesmos.

Abreviaturas:

INSS: Instituto Nacional da Seguridade Social.

Sergas: Servizo Galego de Saúde

SETA: Sistema Especial de Traballadores/as por Conta Propia Agrarios/as

Mudanzas na Lei de Cooperativas

Vén de aprobarse a reforma da Lei 5/1998 de 18 de decembro de cooperativas de Galicia. Os puntos máis salientábeis son os seguintes:

1. Redución xeneralizada do número mínimo de socios a 3 (antes eran 4).

2. Créase a cooperativa mixta de traballo asociado. Esta permite incorporar socios de capital ao obxecto de financiar o proxecto empresarial. Estes socios participarán na cooperativa en función da achega que fagan ao capital social.

3. Ampliáanse as finalidades do Fondo de Formación e Promoción, podendo destinarse tamén a actuacións para a conciliación da vida laboral e familiar, fomento da igualdade, fomento da responsabilidade social, apoio a proxectos de emprendedores cooperativos xeradores de emprego.

4. Calquera persoa física coas facultades de representación e xestión ou dirección pode ser apoderada legal para xestionar a cooperativa (na actualidade só pode ser a través de conselleiros delegados, membros do consello reitor).

5. Valida a constitución das asembleas xerais en segunda convocatoria e dá plena validez aos acordos con independencia dos socios e das socias asistentes.

6. Modifica a maioría necesaria para aprobar o voto ponderado.

7. O interventor da cooperativa ten carácter de voluntario.

8. Modifícase o criterio para operar con terceiros non socios. (en función da facturación global da sociedade e non das actividades).

9. Redúcese a porcentaxe do excedente a destinar a fondos obrigatorios pasando do 30% ao 25%.

Obriga de presentar o modelo 347 na Axencia Tributaria para quen tributa por módulos

Estarán obrigadas a presentar o modelo 347 ante Facenda as persoas físicas e entidades que tributen en módulos, sempre e cando os ingresos facturados totais a algún dos clientes superen a cantidade de 3005,06 e se ditas facturas non levan retención.

Ante calquera dúbida, pasade polos locais do Sindicato Labrego Galego para analizar a vosa situación. Non presentar dito modelo estando na obriga de facelo, vai atrasar o cobro das subvencións.

O prazo de presentación do modelo será durante o mes de marzo de 2012.

Axudas para prever os ataques dos lobos sobre o gando

Estas axudas están destinadas á adquisición de cans mastíns e pastores eléctricos ligados ao emprego de curros con malla electrificada e a instalación de cercados con malla ovelleira e postes de madeira tratada, cuxa adquisición ou instalación se faga con posterioridade á publicación desta orde. Poden ser beneficiarias das mesmas as persoas titulares de explotacións das especies ovina, vacúa, cabrúa e de porco celta.

O prazo para solicitar estas axudas estará aberto até o **28 de xaneiro de 2012.**

As explotacións porcinas extensivas obrigadas a rexistrarse en xaneiro

O 2 de xaneiro entrou en vigor o Decreto 223 / 2011 polo que se desenvolven as normas básicas de ordenación das explotacións porcinas extensivas e se crea o Rexistro Galego de Explotacións Porcinas Extensivas de Galiza.

Este decreto obriga a que todas as explotacións de porcino en extensivo existentes na Galiza a

darse de alta no rexistro da Consellería do Medio Rural antes do 2 de febreiro de 2012.

A solicitude de alta no rexistro implica entre outras cousas: memoria descritiva da actividade, situación da explotación e parcelas da mesma, programa sanitario básico e programa de manexo asinado polo veterinario.

Axudas á silvicultura en bosques do medio rural

Orde pola que se regula o financiamento das seguintes actuacións: Rareos en masas de coníferas; rozas previas ás podas, e podas en masas de coníferas; tratamentos silvícolas en masas de frondosas caducifolias; rexeneración e/ou mellora de soutos de castiñeiros; tratamentos silvícolas en masas de eucalipto (quenda de 25 anos).

O prazo de solicitude remata o **4 de febreiro de 2012.**

Axudas para paliar os danos producidos polo lobo sobre o gando na Galiza

Esta orde ten por obxecto compensar os danos ocasionados polo lobo no gando.

Pódense acoller a estas axudas os propietarios e propietarias de gando afectado por **ataques de**

lobo producidos do 1 de outubro de 2011 até o 30 de setembro de 2012 na Galiza e que fosen comunicados dentro dun prazo de 24 horas á Consellaría de Medio Rural.

Axudas para servizos de asesoramento a titulares de explotacións agrarias

Estas axudas convócanse no marco do Programa de desenvolvemento rural para Galicia 2007-2013 (PDR), e estes servizos deberán seguir sendo prestados polas entidades de asesoramento durante todo o período comprendido en 2007-2013.

A Consellería do Medio Rural vén de publicar a convocatoria para o 2012, amais de facer modificacións nas bases reguladoras.

O prazo para facer as solicitudes remata o **30 de xaneiro de 2012.** Máis información, nas oficinas do Sindicato Labrego Galego.

Axudas para accións formativas de asociacións agrarias

A finalidade destas axudas é modernizar as cooperativas e entidades asociativas agrarias; os consellos reguladores de produtos de calidade diferenciada; as asociacións profesionais do ámbito agrario, alimentario ou de desenvolvemento rural; e as organizacións de produtores/as agrarios/as, a través da mellora da formación dos seus socios e das súas socias e traballadores e traballadoras, perfeccionando a xestión e a calidade dos servizos prestados, e as innovacións técnicas. O prazo de solicitude remata o **30 de xaneiro de 2012.**

Axudas para o fomento da utilización de maquinaria e equipamentos agrarios

Actividades subvencionables: Compra de maquinaria agrícola; e adquisición, construción ou melloira de equipamentos.

Poderán ser beneficiarios das axudas reguladas nesta orde:

- Cooperativas de utilización de maquinaria agrícola (CUMA).
- Sociedades agrarias de transformación (SAT).
- Cooperativas agrarias con sección específica de maquinaria agrícola; así como outras agrupacións con personalidade xurídica propia, e soamente para investimentos directamente relacionados coa súa

actividade: as comunidades de regantes, asociacións de viticultores en terreos con pendente superior ao 15%, e asociacións de faba e de castaña.

-O resto de cooperativas agrarias que adquiran maquinaria e equipamentos agropecuarios para prestar servizos aos seus socios.

-As cooperativas de explotación comunitaria da terra e as SAT, procedentes da fusión de polo menos dúas explotacións, nos 5 anos posteriores á súa constitución.

O prazo remata o **21 de febreiro de 2012**.

Axudas para promover o sector vitivinícola en mercados de países terceiros

Axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de terceiros países no 2012.

Poderán presentar solicitudes: Empresas vinícolas, organizacións de produtores e organizacións interprofesionais, órganos de xestión e de representación das indicacións xeográficas vitivinícolas, asociacións de exportadores e consorcios de exportación, e entidades asociativas sen ánimo de lucro participadas por empresas do sector vitivinícola que teñan entre os seus fins a promoción

exterior dos viños.

Produtos que poden ser obxecto de promoción: Viños con denominación de orixe protexida, viños con indicación xeográfica protexida e viños nos que se indique a variedade de uva de vinificación

As propostas de accións, programas e documentación presentaranse antes do 1 de marzo de cada ano segundo o que se estableza na convocatoria correspondente.

O prazo de presentación de solicitudes remata o **30 de xaneiro de 2012**.

Plan Renove de Climatización

Trátase de axudas para renovar caldeiras e outras instalacións térmicas de maneira que se reduza o consumo de enerxía. Quen queiran beneficiarse destas axudas deberán solicitar canto antes porque a aprobación vai por orde de presentación. A xestión das solicitudes e documentación farase nos establecementos onde venden estes equipamentos, xa que actuarán como entidades colaboradoras. O prazo remata o **30 de outubro de 2012**.

Plan Renove de Fiestras

Axudas dirixidas á rehabilitación dos ocos acristalados da fachada, tanto no referente ao acristalamento como aos marcos ou perfís, co fin de acadar melloras significativas na demanda enerxética do edificio e os conseguintes aforros en termos económicos, así como para a selección de entidades colaboradoras que participan na súa xestión.

O prazo de solicitude destas axudas rematará **30 de outubro de 2012**.

Axudas ás enerxías renovábeis

Axudas para a instalacións de: Solar térmica, caldeiras de biomasa, fotovoltaica conectada á rede, fotovoltaica illada e instalacións mixtas e gasificación / biogás. As follas de solicitude deben cubrirse na aplicación informática que a web do INEGA habilitará en <http://www.inega.es/>

O prazo para solicitar estas axudas remata o venres **27 de xaneiro de 2012**.

Transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais

Convócanse parcialmente as axudas a investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais 2007-2013.

O prazo remata o **30 de xaneiro de 2012**. Se investimento inclúe a construción de novas superficies cubertas ou ampliación das existentes, hai un prazo adicional de dous meses para presentar a licenza de obras.

Adaptación das explotacións de galiñas poñedoras ao Decreto 3/2002

Estas axudas están destinadas á adaptación das explotacións de galiñas poñedoras ao Real decreto 3/2002, do 11 de xaneiro, de normas mínimas de protección das galiñas poñedoras.

Os investimentos terán que estar executados antes do 30 de Decembro de cada ano.

O prazo para solicitar estas axudas remata o **28 de xaneiro de 2012**.

Compra - Venda - Troco

Véndese

-Sequeiro de pedra no Courel (Soldón da seara). Preguntar por Álvaro no teléfono 625 134 456

Véndese

-Máquina de cortar silo marca Khun, con dobre coitela de aceiro e poldro. En moi bo estado. Chamar aos números de teléfono 981 500 608 e 699 334 378.

Véndese

-Tractor de dobre tracción. Chamar ao 660 221 250 en sábado ou domingo

Véndese

-Coche sen carné AIXAM 400 E, 17.000 quilómetros.
-Peugeot 309 diesel, por 600 €
-Desensiladora de mordaza marca Tenias 1.75 m.
Zona do Deza.
Preguntar por Manuel no teléfono 647 777 498

Véndese

-Mastíns de raza recoñecida pola sociedade canina galega. Zona Monfero. Chamar ao 628 194 490.

Véndese:

-Circuíto de 3 puntos ALFA-LAVAL.
-Centro de frío marca JAPY de 550 litros.
En Boimorto (A Coruña). Chamar ao 660 485 856

Véndese

-Viño do país, augardente e licores. Chamar ao 986 689 486

Véndese

-Repartidor de esterco de 6,5 tn, marca Herculano, 4 rotores verticais, ano 2002. En moi bo estado.
-Rotovator de 2,5 tn de corte marca Alpe 60. Ano 2008. Coitela semicurva. En moi bo estado Chamar ao 661 736 998

Véndese

-Autocargador rotativo marca Juscafresa. Chamar ao 686 577 685

Véndese

-Tractor Massey Ferguson de 110 CV (ano 2003)
-Desbrozadora de 1.80 m (ano 2007) Chamar ao 648 921 666

Véndese

-Desbrozadora de tractor en bo estado. Na zona de Oza dos Ríos. Chamar ao 670 895 789

Véndese:

-Xovencas de raza Limousine.
-Picador Straumann.
-Enroladora 540 John Deere.
-Rotativa Deutsch Far de 1,95. Na zona de Lugo. Chamar aos números de teléfono 982 160 116 e 690 774 565

Véndese

-Grade de discos suspendida; seminova.
-Empacadora de 2006, seminova, con dúas campañas de traballo na mesma casa. Na zona de Arzúa. Preguntar por Suso no teléfono 677 625 245

Véndese

-Xovenca frisona de 18 meses. En Taboada (Lugo). Chamar ao 982 162 301

Véndese

-Sementadora de millo Monosen, 4 liñas, mecánica. Prezo: 700 € Chamar ao 699 283 697

Véndese

-Mastíns, con posibilidade de adestramento para a garda do gando. Machos: 150 €. Femias: 100 €. Na Pontenova (Lugo). Chamar ao 685 181 659

Véndese

-Millo en gran. Zona Compostela. Preguntar por Rosa no teléfono 981 570 482

Véndese

-3 eguas novas. Prezo negociable. Chamar polas noites ao teléfono 988 457 400

Véndese

-Tanque PACKO con capacidade 1200l de auga xeada, monofásico. En funcionamento. Chamar ao 659 661 342

Véndese

-Xovencas preñadas e becerras de raza Vianesa, inscritas no libro xenealóxico de razas autóctonas en perigo de extinción. En Lousame, (A Coruña). Preguntar por Fernando no teléfono 679 192 242

Véndese

-Silo para penso 6.000 quilos dividido en dous.
-Circuíto Manus de 4 puntos.
-Tanque de leite de 800 litros. Por peche de explotación na zona de Castroverde (Lugo). Chamar ao mediodía ou á noite ao teléfono 982 312 200

Véndese

-Xovencas e frisonas. Boa xenética. Control leiteiro. Libre de IBR e BVD. Media de produción da gandería 10.300 litros. Cualificación de 81 puntos. Na zona de Monfero. Chamar aos teléfonos 610 962 132 ou 981 196 919

Véndese

-Moto Rieju RR, de 2009. Chamar pola noite aos teléfonos 628 897 696 ou 981 808 945

Véndese

-Cachorros de Bóxer. Chamar ao 652 196 605

Véndese

-Cachorros Borden Collin, auténticos de pura raza. Chamar ao 636 863 082

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Silo de fibra para penso de 3.300 quilos. En bo estado, prezo a convir.
En Ribeira de Piquín (Lugo).
Chamar ao 608 555 127

Véndense

-Cisterna de 3.300 litros (1.000 euros)
-Cinta cargadora de 7 metros (200 euros)
-Fresadora con 180 de corte (2.100 euros)
-Tractor John Deere 1035, en moi bo estado (7.000 euros)
-Remolque tipo IMACO (2.000 euros)
-Cultivadores de 7 ganchos (1.000 euros)
Na zona da Limia (ourense)
Chamar aos números de teléfono 988 458 034 e 660 543 995

Véndese

-Sementadora de precisión de bota, marca Amazone, modelo E-25. Ano 2009.
Na Limia.
Chamar ao 661 736 998

Véndense

-Desensiladora marca Fella TH-145 con poldro, mandos adicionais, coitelas novas e totalmente revisada.
-Rulo compactador de dous metros de ancho.
-Remolque de tres metros de largo con documentación.
En Sobrado.
Chamar ao 679 946 097

Véndese

-Maquinaria agrícola: Picador, estendedor e rotativa.
En Portomarín (Lugo).
Preguntar por María no teléfono 622 726 687

Véndense

-Becerras para recría
Na zona de O Covelo (Pontevedra).
Chamar aos números de teléfono 986 668 820 ou 626 442 294

Véndense

-Grade de 20 discos. Bo estado.
-Trailla de tipo pequeno e rotativa de 1'90.
En Outeiro de Rei (Lugo)
Chamar ao 626 334 770

Véndense

-Tractor John Deere 6400, 105 CV.
-Remolque mesturador marca Triolet 12 m.
-Encintadora de carro Makey.
-Emboladora Carraro liña verde.
-Desensiladora.
-Rastra para terra.
-Tanque de cuba para leite de 3.200 litros.
-Pinza de bolas.
-Remolque de carga.
Por cese de actividade.
Chamar ao 626 94 36 82

Véndese

-Unha vaca próxima ao parto.
Chamar ao 982 526 886

Véndese

-Xerador de corrente a gasóleo, 10 KVA (10.000 vatios), auto-propulsado.
Chamar aos números de teléfono 659 937 487 e 982 163 862

Véndese

-Peugeot 106 a gasolina, con 24.000 quilómetros. En perfecto estado. Prezo: 4.000 euros. Na zona de Betanzos.
Preguntar por Carlos nos teléfonos 686 783 800 e 619 348 426.

Véndense

-Cámara frigorífica de 10 m3.
-Invernadoiro de 8,5 m. ancho (500 m2).
-Invernadoiro de 10 m. ancho (300 m2).
-Colleitora de patacas de 1 suco, descarga lateral.
Chamar ao 610 040 674

Véndese

-Rotativa deutz Farh de 1.65 de corte. Bo estado.
-Opel Vectra de 100 CV, 2000 cc, con aire acondicionado, elevaventás eléctrico. 250.000 quilómetros reais. Bo estado.
-Madeira de castiñeiro curada.
Chamar ao 616 060 146

Véndense

-Tractor John Deere 1840 de 65 CV, dobre tracción, con poucas horas de traballo.
Chamar aos números de teléfono 615 333 879 e 982 188 114

Véndense

-Tractor de tracción Case 845 de 80 CV.
-Remolque.
-Cultivador de ganchos.
-Aboadora.
En Boimorto (A Coruña).
Chamar ao 696 090 165.

Véndense

-Desensiladora de mordaza marca TENIAS con carro elevador e 1 autocargador de 13 coitelas.
Na zona de Cesuras.
Chamar ao 650 158 948

Véndese

-Segadora rotativa "BCS" de 2,85 de corte.
En Castroverde (Lugo).
Chamar ao 617 655 320

Véndense

-5 presebes de ovino-caprino de 4 metros de longo, galvanizados, con bandexa para cereal.
Chamar aos números de teléfono 646 098 727 e 988 457 412

Véndense

-Tanque trifásico marca Japy de 1.700 litros con motor novo. En Teixeira (Curtis).
Chamar ao 605 870 030

Véndense

-2 túneles de invernadoiro con ventilación central e lateral de 240 m e 130 m. Na zona Silleda.
Chamar ao 625 074 695

Véndese

-Tanque de frío Alfa-Laval 520 litros. En Cesuras.
Chamar ao 669 799 422

Véndense

-Peugot 205 mito 1.7 diesel. Dirección asistida, eleva lunas eléctrico, aire acondicionado, faros de néboa e alarma.
-Remolque preparado para rolos de herba, con documentación.
-Cuba con capacidade 1000 litros e con dúas bocas, unha no fondo para sacar o bago.
-Muíño para enganchar ó tractor para moer e machacar millo verde en cana.
En Paradela (Lugo).
Preguntar por Ovidio no teléfono 686 596 260.

Véndense

-Tractor Pasquali modelo 956-603 de 21CV, con basculante e freno hidráulico. Zona de Meira (Lugo).
Chamar ao 626 331 612

Véndense

-Pastor seminov e debulladora de millo manual. Na zona de Betanzos.
Chamar ao 696 977 740

Véndense

-2 xovencas de Rubia Galega.
-Tanque de penso de 5.000 quilos mediado. Na zona Cesuras (A Coruña).
Chamar ao 981 790 331

Véndense

-Colleitora de patacas Grimme 650, con moega ("tolva") alta e dirección.
-Cinta.
-Desbrozadora patacas 3 regos.
-Tractor John Deere 1635 con pa.
-Remolque (10.000 quilos).
-Regadío con motor de 14 CV
Chamar ao 619 904 183

Véndense

-Cinta transportadora de 7 m.
Chamar ao 988 467 045 (A Limia)

Véndense

-Tanque de frío auga xeada de baixo consumo. Capacidade de 1000 litros
-Grupo electrógeno monofásico e trifásico de 25 Kveas.
-Circuito de muxido de 4 puntos con lavado automático. Lavadora seminov. Todo en bó estado.
Chamar ao 609 733 289 (Manuel)

Véndense

-Mazo de ferreiro. En Lugo
Chamar ao 982 150 232 (noite)

Véndense

-Xovencas con carta, primeiro e segundo parto.
Preguntar por Antonio no teléfono 676 128 939

Véndense

-Becerro marcado de Rubia Galega de 13 meses. Libre de IBR, DUD... Na zona de Betanzos.
Chamar ao 648 187 857

Véndense

-Herba seca en rolos de 1.40 e en alpacas pequenas, sobre pedido. Na zona de Oza dos Ríos (A Coruña).
Chamar ao 619 267 520

Véndese

-Casa, con planta baixa, primeiro andar e terreo. En Oza dos Ríos.
Chamar ao número de teléfono 886 113 200

Véndense

-Xatas frisoas, próximas o parto.
-Tanque con capacidade de 3.000 litros. En Portomarín
Chamar aos números de teléfono 697 422 304 e 982 157 768.

Véndense

-Xovencas frisoas en Friol.
Chamar ao 630 561 310

Véndense

-Circuito de 3 puntos e tanque de 1.200 litros seminov.
Chamar ao 981 790 233

Véndense

-Rulos de palla centea ou Tremesiña, de 1,50 ou 1,60 m. de diámetro, con atado de rede ou cordeis.
-Macropacas de palla centea ou Tremesiña de seis ou catro cordeis.
Chamar ao 661 736 998

Véndense

-Cisterna Magal de 2.500 litros, en perfecto estado.
Chamar ao 629 324 129. A Limia.

Véndense

-Carro de cabalo con rodas agrícolas.
Chamar ao 982 163 954

Véndense

-Rolos de herba seca e silo.
Chamar aos números de teléfono 610 472 095 e 982 505 798

Véndense

-Touro Limousin lexitimo de 5 anos. Descornado e moi manso. Por renove.
Preguntar por Manuel no teléfono 661 586 023.

Véndense

-Tolva de silos, cantidade 3000 quilos. En bo estado. En Mesía.
Chamar ao 685 636

Véndense

-3 vacas Rubias Galegas. Na zona de Abegondo.
Chamar ao 981 669 245

Véndense

-Viño Albariño, viño tinto do Condado (Souson, Brancellao e Caíño) e viño Mencía.
Na zona de Arbo.
Preguntar por Serxio no teléfono 669 557 483

Véndense

-2 xovencas e 1 vaca de Raza Rubia Galega. Zona de Abegondo.
Chamar ao 636 875 570.

Véndense

-Boi rubio. En Castroverde.
Chamar ao 689 049 495

Véndense

-Xata rubia e frisonas.
-Tanque de frío de 3.000 litros.
Chamar aos números 982 157 768 e 697 422 304 (Portomarín).

COMPRAS

Mércanse

-Cántaros de leite usados. Prezo a convir, en función do número e do estado de conservación.
Chamar ao 656 289 587

Mércase

-Autocargador. Non importa o estado, nin que funcione, só se precisa chasis con rodas e descarga.
Chamar ao 650 158 948

Mércanse

-Rolos de herba para unha explotación en Pontecaldelas.
Chamar aos números de teléfono 986 750 347 ou 639 503 815

OUTROS

Alúgase

-Nave de gando con 80 prazas. Na zona de Portomarín (Lugo).
Preguntar por María no teléfono 622 726 687

Busco

-Explotación en Galicia para mercar ou alugar.
Chamar aos números de teléfono 686 386 215 e 982 161 387

Fanse

-Substitucións de muxido. Zona Sarria-Lugo
Chamar ao 600 622 969

Instálanse

-Equipos automáticos de calefacción por leña ou pellet. Aforra como mínimo o 50% do prezo de calefacción na tua casa, nave, ghranxa, invernadoiro... Hai equipos que se poden aproveitar e transformalos acoplando soamente o queimador.
Chamar o 678 643 119 ou enviar correo a ecocalor@hotmail.com ou ecocalor@gmail.com

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Ofrécese

-Mozo para traballar en explotación de leite na zona de Santiago e Ordes.
Chamar no 629 927 005

Necesítase

-Persoal para traballos con maquinaria na zona de Santiago.
Chamar ao 638 082 772

Ofrécese

-Parella para traballar en explotación agrícola.
Chamar ao 886 113 200

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Xornadas de formación e debate

TERRA, PAC e REFORMA DA SEGURIDADE SOCIAL

**¿SABÍAS QUE AGORA DIN NA SEGURIDADE SOCIAL QUE NA
AGRARIA PODEMOS COBRAR O PARO?**

**¿SABES DE QUE VAI A REFORMA DAS PENSIONS QUE ENTRA EN
VIGOR ESTE ANO 2012? ¿CÓMO CHE AFECTA?**

**¿SABÍAS QUE HAI PROPOSTO NA NOVA PAC QUE A XENTE NON
LABREGA COBRE AXUDAS POLA TERRA?
¿POR QUE CONCEPTOS IMOS COBRAR A XENTE LABREGA?**

**¿SABÍAS QUE AÍNDA NON ESTÁ DECIDIDO NA UNION EUROPEA O
FIN DAS COTAS DO LEITE NIN COMO VAN SER OS CONTRATOS?**

**¿SABÍAS QUE SE ESTÁ INTENTANDO, MEDIANTE LEIS,
CONVERTER A NOSA TERRA AGRARIA EN TERRA
PARA PRODUCIR ENERXÍA? AS LEIRAS TAMÉN.**

Estas preguntas e todas as que teñamos, imos tentar
abordalas nas xornadas que celebraremos en todas as
comarcas nos meses de febreiro e marzo

PREGUNTA NO TEU LOCAL DO SINDICATO POLA DATA E O LUGAR DE CELEBRACIÓN



A INFORMACIÓN É PODER: PODER DE MUDAR AS COUSAS